



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS QUE HAN DE REXER PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHICULO DE RELLOGIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE 17 m³ PARA O EXCMO. CONCELLO DE VEDRA

1.- OBXECTO

O obxecto do presente prego é determinar as características técnicas que servirán de base para a adquisición dun vehículo destinado á recollida de residuos sólidos urbanos.

O equipo estará fabricado conforme aos requisitos esenciais da directiva europea 89/392/CEE e anexos, e deberá cumprir a normativa 1501.

2.- CARACTERÍSTICAS

2.1.- AUTOBASTIDOR

CHASIS. O chasis será adecuado para a instalación dunha caixa recolectora de 17 m³ de capacidade. A montaxe da caixa recolectora non impedirá as operacións normais de mantemento do vehículo; non impedirá tampouco o acceso aos diferentes elementos mecánicos do chasis.

P.M.A. Terá un peso máximo autorizado de 18.000 Kg.

DISTANCIA ENTRE EIXES. Será de 4.200 máximo.

SUSPENSIÓN: traseira pneumática.

MOTOR. O motor será de ciclo diésel mínimo 6.350cc e unha potencia igual ou superior a 256 CV. Cumprirá a normativa EURO V.

FRENO MOTOR: Con estrangulador constante.

CAIXA DE CAMBIOS. Manual.

TOMA DE FORZA. Continua árbore de levas.

DIRECCION. Asistida por servo.

FRENOS. Antibloqueo ABS, con circuítos independentes.

CABINA. Abatible. Cor branca. Disporá de terceiro asento. Debe dispor dos elementos e equipo necesario para o control do vehículo e detección do funcionamento defectuoso cuxo descoñecemento poida provocar avarías e/ou accidentes.

ALUMEADO E SINLIZACIÓN. Equipado con todas as luces E sinalizacións previstas no código de circulación. Disporá de faros antinéboa dianteiros e traseiros.

ESCAPE. Vertical e por encima do nivel da caixa.



2.2.- CAIXA RECOLECTORA – COMPACTADORA

A caixa de recollida de residuos será axeitada ao fin ao que está destinada, coas adecuadas condicións de resistencia, seguridade, robustecemento, limpeza e duración.

CAPACIDADE.

O volume neto da caixa será como máximo de 17 m³ e a tolva 2,6 m³.

CAIXA.

Fabricada con aceiros de alta resistencia que permiten unha maior duración no tempo. Os laterais están laminados nunha soa peza curvada. Dispón de perfís conformados de reforzo na parte traseira - dianteira e o solo curvo en forma de quilla. Estará protexida con pintura anticorrosiva elástica, aplicada previo desengraxado, de forma que non salte nin se descompoña por posibles deformacións.

Disporá dunha porta de inspección no lado dereito con escaleira de acceso.

MECANISMO DE COMPACTACION E PLACA EXECTORA.

A placa exectora deslizarase por unhas guías laterais cuns patíns de material antidesgaste de longa duración. Buscarase a mínima duración do ciclo de prensado.

Durante o proceso da carga de RSU, o sistema compactador deberá producir o efecto DUO-PRESS ou dobre prensado, o que garante unha homoxeneidade da relación ao longo do proceso de carga e un índice óptimo.

RAMPA E TOLVA.

Nunha soa peza e sen unións soldadas, coas axeitadas calidades e espesores segundo os esforzos a soportar. O fondo da tolva será en aceiro de 8 mm HARDOX 400 (1000 N/mm²) e unha dureza 400 HB.

O borde de carga será de 4 mm HARDOX 400 (1000 N/mm²) A altura para a opción Open-back (sen elevador) será sempre superior aos 1.050 mm.

O cerre da tolva será automático usando os cilindros de elevación da mesma situados no teito da carrozaría. Valorarase o maior ancho útil de carga que facilite o traballo dos operarios e permita a recollida de residuos voluminosos.

Os cilindros do carro estarán situados no exterior da tolva e debidamente carenados para evitar o seu contacto cos residuos.

A tolva deberá ter unha capacidade de 2,6 m³.

CARGA.

Mediante ciclo continuo e discontinuo de forma indistinta. O índice de compactación será de 6 a 1 ou superior para unhas condicións normais a R.S.U.

CAIXA-BASTIDOR AUXILIAR:

Con sistema modular totalmente parafusado para adaptarse a todos os autobastidores do mercado, e sistema articulado de caixa que permite o acceso á caixa de velocidades e/ou bomba hidráulica.



SEGURIDADE.

Presentará Certificado de cumprimento da Directiva 98/37/CEE e a 1501. Disporá de interruptores e/ou pulsadores de emerxencia e seguridade na parte traseira. Luz de iluminación de tolva. Estribos para os operarios abatibles e antideslizantes. Cámara de visión traseira con monitor en cabina. Sistema de detección de fallos e mantementos con pantalla multifunción en cabina mediante Can-Bus. Un faro xiratorio ámbar homologado.

PINTURA.

A totalidade das superficies do recolector protexeranse contra a corrosión contemplando as seguintes operacións mínimas; desengraxado e fosfatado superficial, pasta base, dúas capas de imprimación, selado de hermeticidade, dúas capas de pintura cor branca normalizada, igualada á mesma tonalidade da cabina e calidade poliuretano con secado ao forno a 60° e franxas e sinalización de seguridade.

ELEVADOR DE CESTOS E COLECTORES.

Equipado con elevador polivalente sincronizado de traxectoria vertical para cestos de 120 a 360 litros e colectores de 500 a 1.100 litros (normas EN 840 - 1, EN 840 -2 y EN 840 - 3) mediante peite e brazos tipo DIN.

Debe incorporar un sistema de velocidade variable de ascenso e descenso mediante autómatas e regulador electrónico.

Os tempos de elevación variarán entre 3.45seg. y 7.20seg.

3.- PRAZO DE ENTREGA

Máximo 60 días dende asinar do contrato.

4.- GARANTÍA E SERVIZO TÉCNICO

A garantía do vehículo con todos os seus compoñentes será como mínimo dous anos desde a recepción provisional.

Especificarase o servizo post-venta que será responsable da garantía así como a súa experiencia coa mesma marca.

Á recepción do equipo terminado impartirase un curso de capacitación para os operarios e persoal de mantemento; así mesmo entregarase o correspondente libro de mantemento e repostos.

5.- ADXUDICACIÓN

Cumpridas as condicións esenciais esixidas e estudadas todas as ofertas adxudicarase á que por criterio obxectivo dos técnicos sexa a máis axeitada aos intereses da mesa de contratación.

As valoracións porcentuais obxectivas serán as seguintes:

- A- Servizo post-venta ata 20 puntos (antigüidade na mesma marca e outros).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- B- Mellora das características mínimas establecidas nas prescricións técnicas en canto ao tipo de vehículo a subministrarse 20 puntos
- C- Aumento dos prazos de garantía 15 puntos
- D- Outras melloras valoradas en equipamento complementario 10 puntos
- E- Rebaixa no prazo de entrega 5 puntos

Vedra, 15 de outubro de 2012
O ALCALDE

Asdo. Carlos Martínez Carrillo